O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.



Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 04/12/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619 por importe de 87.525,87 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado pola Enxeñeira do Servizo de Vías e Obras, D^a Marta Herbón Meilán, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento da proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 22/11/2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, ademais dos terreos de dominio público

correspondentes á vía provincial, será necesario a dispoñibilidade dos terreos definidos no obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, proponho que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: ANTAS DE ULLA.- Melloras locais LU-P-4002 “Palas de Rei (LU-221)– Ponte Merce– Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “Santa Mariña (LU-P-0302)– Fradegas”, P.K 0+400 e LU-P-0302 “Antas de Ulla (N-640)– Santa Mariña – límite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)”, P.K. 0+000 a 0+500 sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.



2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 87.525,87 €, dos cales 15.190,44€ corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE GUITIRIZ.- MELLORA SEGURIDADE VIAL LU-P-2301 “GUITIRIZ (N-VI)-VILARES (LU-170)”, P.K. 0+000 A 0+092 E LU-P-2305 “PARGA (LU-242)-PENA MOSCOSA (N-VI)”, P.K. 0+000 A 0+195.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“Informe do servizo de contratación e fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra nomeada: GUITIRIZ.- Mellora seguridade vial LU-P-2301 “ Guitiriz (N-VI)– Vilares (LU-170)”, P.K. 0+000 a 0+092 e LU-P-2305 “Parga (LU-242) – Pena Moscosa (N-VI)”, P.K. 0+000 a 0+195.

Antecedentes

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: GUITIRIZ.- Mellora seguridade vial LU-P-2301 “ Guitiriz (N-VI)– Vilares (LU-170)”, P.K. 0+000

a 0+092 e LU-P-2305 “Parga (LU-242)– Pena Moscosa (N-VI)”, P.K. 0+000 a 0+195, redactado por Don Héctor Diéguez Aranda.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Lugo.

Memoria xustificativa.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Lexislación Aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas

Incoase expediente administrativo número coa finalidade de proceder á contratación da obra GUITIRIZ.- Mellora seguridade vial LU-P-2301 “Guitiriz (N-VI)– Vilares (LU-170)”, P.K. 0+000 a 0+092 e LU-P-2305 “Parga (LU-242)– Pena Moscosa (N-VI)”, P.K. 0+000 a 0+195.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que



responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en

cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 12/12/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619 por importe de 84.785,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.



Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 27 de novembro de 2019, refléxase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: GUITIRIZ.- Mellora seguridade vial LU-P-2301 “ Guitiriz (N-VI)– Vilares (LU-170)”, P.K. 0+000 a 0+092 e LU-P-2305 “Parga (LU-242)– Pena Moscosa (N-VI)”, P.K. 0+000 a 0+195 sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 84.785,00 €, dos cales 14.714,75 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE FOZ, SOLICITANDO NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2019. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude motivada do Concello.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

A Alcaldía do Concello de Foz solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Foz

O concello de Foz incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOZ	113	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA EN RÚA EDUARDO PONDAL E A. NORIEGA VARELA (FOZ)	0,00 €	47.884,46 €	47.884,46 €
	114	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO (MESAS E BANCOS)	0,00 €	12.608,34 €	12.608,34 €

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 25/10/2019, concedeuse unha prórroga ao Concello de Foz, para os investimentos e ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN ATA:
FOZ	113	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA EN RÚA EDUARDO PONDAL E A. NORIEGA VARELA (FOZ)	31/12/2019
	114	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO (MESAS E BANCOS)	31/12/2019

A Alcaldía do Concello de Foz, a través de escrito con rexistro de entrada de data 11/12/2019, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “... xurdiron diversas incidencias, entre elas un deles quedou deserto, que van imposibilitar materialmente a súa adxudicación en prazo...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN ATA:
FOZ	113	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA EN RÚA EDUARDO PONDAL E A. NORIEGA VARELA (FOZ)	31/05/2020
	114	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO (MESAS E BANCOS)	31/05/2020

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do Concello de Foz, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2019, “... este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión Dunha nova prórroga ao Concello indicado para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, e incluídos no Plan único 2019, e ata o prazo indicado.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello sinalado e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación, dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración (anexo III ou IV e declaración do lugar de colocación do cartel con coordenadas UTM), nos termos indicados nas bases.



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRÓRROGA ADJUDICACIÓN ATA:
FOZ	113	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA EN RÚA EDUARDO PONDAL E A. NORIEGA VARELA (FOZ)	31/05/2020
	114	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO (MESAS E BANCOS)	31/05/2020

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DUN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos da Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, no que solicita unha modificación do proxecto dun dos investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído o investimento que se sinalan e se pretenden modificar.

A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil solicita a través de escrito de data 03/12/2019, e complementada posteriormente, unha modificación do proxecto dun dos investimentos incluídos no Plan Único, concretamente a obra nº 264: Instalación de Bungalows para Creación dun Xecamping en Ribas De Sil ao que acompaña proxecto reformado e que de ser aprobado pola Xunta de Goberno a modificación solicitada, quedarían incluídas no Plan Único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	264	INSTALACIÓN DE BUNGALOWS PARA CREACIÓN DUN XEOCAMPING EN RIBAS DE SIL (MODIFICADO)	279.798,51€	91.543,70€	371.342,21€

Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións interesadas, e achégase aprobación do proxecto polo Concello e certificado de que existe crédito adecuado e suficiente do Concello, este último ao haber un incremento do orzamento. O proxecto execútase no mesmo ámbito de actuación, unicamente aumenta o custo total do mesmo como consecuencia “das matizacións e condicionantes expresados pola Oficina de Supervisión de Proxectos da Deputación”. O Concello é o órgano de contratación polo que deberá respectar a lexislación en materia de modificación de contratos.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía e necesidades.

Tendo en conta a solicitude do concello, incorporada ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é Xunta de Goberno, como así se indica na base 19 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único 2019, que precisa “...Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na Lei



9/2017, do 8 de novembro, -LCSP-, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación (...)”

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto dun dos investimentos relativos ao Concello de Ribas de Sil que se sinala, e que queda incluídos no Plan Único 2019 nestes termos.

A vista do anterior, esta Presidencia propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto da actuación indicada, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 modificado nos investimentos do Concello de Ribas de Sil, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	264	INSTALACIÓN DE BUNGALOWS PARA CREACIÓN DUN XEOCAMPING EN RIBAS DE SIL (MODIFICADO)	279.798,51€	91.543,70€	371.342,21€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA

**/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO/PROVINCIA DE LUGO. C.D. LUGO
SAD. DISCIPLINA : FÚTBOL. ANUALIDADE 2019.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que textualmente se di:

“Antecedentes

Escrito do Club Deportivo Lugo, SAD.de data 04 de decembro do 2019.

Informe do Servizo de Deportes de data 12 decembro do 2019.

Informe de rectificación de erro de data emitido polo Servizo de Deportes de data 18.12.2019.

Lexislación aplicable e informes manexados

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Real Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.

Informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Solicitado informe a este Servizo no que respecta á execución do contrato do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CD Lugo SAD. disciplina: fútbol. anualidade 2019. Tal e como se sinala no informe do Xefe de Servizo de Deportes de data 03/12/2019, cómpre facer mención ás seguintes consideracións,

Consideracións técnico- administrativas

Con data 12/12/2019, o Xefe de Servizo de Deportes, responsable do contrato con número de expediente tras a solicitude presentada polo adxudicatario (Club Deportivo Lugo SAD), con data 04/12/2019 emite informe que na súa parte conclusiva sinala:

“Do anterior, parecería desprenderse que o obxectivo ha de ser o cumprimento do denominado retorno publicitario, que segundo o Informe 13/2012, de 11 de xullo, a Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón,

«... consiste fundamentalmente en que el patrocinado permite que el patrocinador haga pública su colaboración económica en la actividad del patrocinado y también, si así se estipula, en que el patrocinado realice comportamientos activos con esa misma finalidad. El patrocinador a cambio disfruta de la notoriedad y de la resonancia de la actividad que desarrolla el patrocinado, con el fin de incrementar entre el público el conocimiento de su nombre o marca y de favorecer su imagen. »

Así mesmo, o Informe de valoración de prestacións de patrocinio no marco do contrato entre: Deputación de Lugo e Club Baloncesto Breogán, SAD e Club Deportivo Lugo, SAD, realizado no seu día por THIRSA Valoración y Tasación, no seu punto 17. Observacións, indica:

Extrapolación ao ano 2020

Os datos e valoracións da rendibilidade comunicativa e económica do patrocinio dos clubs de baloncesto Breogán, S.A.D. e Club Deportivo Lugo S.A.D. recollidos neste informe pódense extrapolar ao mesmo período do ano 2020, facendo, do mesmo modo, economicamente rendible este patrocinio, sempre e cando se mantén a situación deportiva dos dous clubs.

Ha de terse en conta que o patrocinio publicitario deportivo vén sendo definido como a relación na que unha empresa ou entidade, -patrocinador-, achega recursos económicos ao servizo dun equipo deportivo, -patrocinado-, co obxectivo de vincular os valores ou atributos da devandita actividade/equipo á súa imaxe e obter un beneficio na comunicación. A aparición, presenza ou



vinculación á entidade deportiva poder permitirlle ao elemento patrocinador ter unha continua exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e chegar a unha audiencia potencial significativamente maior grazas ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio). E que tal vinculación vén definida na execución, realización e desenvolvemento temporal do contrato e de todas e cada unha das prestacións contidas no prego de condicións técnicas, na oferta do patrocinado e aquelas dimanantes da fase de negociación.

Por tanto, e dado que o período de execución como se xa se indicou quedaría reducido ao intervalo abranguido entre o venres 15 de novembro de 2019 e o 31 de decembro de 2019, tal circunstancia limitaría a aparición, presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador e en consecuencia reduciría ostensiblemente a continua exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e no seu caso á audiencia potencial e ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio).

En consecuencia, á vista das circunstancias expostas e para os efectos da solicitude do servizo de contratación, infórmase favorablemente, -e a salvo dos trámites e informes oportunos-, a ampliación do período de execución do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CD Lugo SAD. Disciplina: fútbol. Anualidade 2019, de acordo coa solicitude formulada polo patrocinado e ata o 31 de marzo de 2019, por entender que permitiría desenvolver a presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador e no seu caso, a exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e á audiencia potencial e ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio)..”

Posteriormente, o Xefe de Servizo de Deportes, emitiu informe de rectificación de data 18.12.2019 relativo á solicitude do Club Deportivo Lugo, onde di:

“En consecuencia, (...) , de acordo coa solicitude formulada polo patrocinado e ata o 31 de marzo de 2019, por entender que permitiría desenvolver a presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador e no seu caso, a exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e á audiencia potencial e ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio).

Advertido erro na indicación da data de extensión do período de execución, emítese o presente informe para os efectos de emendar o erro: a data de ampliación de execución de contrato sería ata 31 de marzo de 2020.”

A cláusula 20 do PCAP dispón que o responsable do contrato “supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación” “(...) O responsable do contrato será o Xefe do Servizo de Deportes da Excma. Deputación Provincial de Lugo.”

E preciso observar aos efectos da execución deste contrato, a natureza xurídica do mesmo. Tal e como dispón a cláusula 2 do PCAP, trátase dun contrato de patrocinio, o cal está regulado na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade (en adiante LXP), modificada por Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e de creación publicitaria.

O contrato de patrocinio definido ten a cualificación de contrato privado, de acordo co previsto artigo 26.1.a) da LCSP onde se establece que terán a consideración de contratos privados os que celebren as Administracións Públicas cuxo obxecto sexa distinto dos referidos nas letras a) e b) do apartado primeiro do artigo anterior, apartados onde se regulan os contratos que teñen carácter administrativo.

Tendo en conta o antedito, este contrato rexeráse, en canto á súa preparación e adxudicación, pola LCSP, mentres que os seus efectos e extinción réxense polo dereito privado.



En relación a estas cuestión, o Informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, incorporado a este expediente e ao que se fai mención no PCAP, refírese á natureza e réxime xurídico do contrato de patrocinio sinalando entre outras cuestións que:

“(…) Ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

O patrocinado é unha persoa física ou xurídica que non necesariamente ten que desenvolver unha actividade profesional, ao contrario do que ocorre no contrato de publicidade que se concerta cunha axencia publicitaria, ou no contrato de difusión publicitaria, no que o contratista necesariamente é un medio de difusión.”(…)

(…) O contrato de patrocinio, aínda no caso de ser celebrado por unha Administración Pública, ten a consideración de contrato privado (…)

(…) Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en diante TRLCSP), «en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado. Con todo, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I, sobre modificación dos contratos».

Por tanto a preparación e adxudicación do contrato, ao non existir normas específicas, réxese polo TRLCSP, e a execución do contrato polas normas de dereito privado e en concreto, de

acordo co artigo 22 LGP, polos artigos 17 a 19 LGP relativos ao contrato de difusión publicitaria en canto lle resulten aplicables (...)

De acordo co sinalado no parágrafo anterior, compre sinalar o exposto pola LXP nos seus artigos 22 e 17 a 19:

Artigo 22: “O contrato de patrocinio publicitario é aquel por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador.”

O contrato de patrocinio publicitario rexerase polas normas do contrato de difusión publicitaria en canto sexanlle aplicables”

Artigo 17: “Contrato de difusión publicitaria é aquel por o que, a cambio dunha contraprestación fixada en tarifas preestablecidas, un medio obrígase en favor dun anunciante ou axencia a permitir a utilización publicitaria de unidades de espazo ou de tempo dispoñibles e a desenvolver a actividade técnica necesaria para lograr o resultado publicitario”

Artigo 18: “Se o medio, por causas imputables ao mesmo, cumprira unha orde con alteración, defecto ou menoscabo dalgúns dos seus elementos esenciais, virá obrigado a executar de novo a publicidade nos termos pactados. Se a repetición non fora posible, o anunciante ou a axencia poderán esixir a redución do prezo e a indemnización dos prexuízos causados.”

Artigo 19: “Salvo caso de forza maior, cando o medio non difunda a publicidade, o anunciante ou a axencia poderán optar entre esixir unha difusión posterior nas mesmas condicións pactadas ou denunciar o contrato de devolución do pago pola publicidade non difundida. En ambos os casos, o medio deberá indemnizar os danos e prexuízos ocasionados

Se a falta de difusión fose imputable ao anunciante ou á axencia, o responsable virá obrigado a indemnizar ao medio e a satisfacerlle integramente o prezo, salvo que o medio ocupase total ou parcialmente con outra publicidade as unidades de tempo ou espazo contratadas.”



A maior abastanza pódese facer mención tamén á teoría xeral sobre incumprimento total ou parcial dos contratos bilaterais establecida nos artigos 1101 e 1124 do Código Civil. En particular, o artigo 1124 do CC sinala que “A facultade de resolver as obrigacións enténdese implícita nas recíprocas, para o caso de que un dos obrigados non cumprira o que lle incumbe. O prexudicado poderá escoller entre esixir o cumprimento ou a resolución da obrigación, co resarcimento de danos e abono de intereses en ambos os casos. Tamén poderá pedir a resolución, aínda despois de optar polo cumprimento, cando este resultara imposible. O Tribunal decretará a resolución que se reclame, a non haber causas xustificadas que a autoricen para sinalar prazo.”

Con respecto a esta cuestión a xurisprudencia do Tribunal Supremo, viña mantendo que soamente existía incumprimento resolutorio cando concorre unha vontade deliberadamente rebelde do deudor (SSTS 28-2-1980, 11-10-82, 7-2-83- 23-9-86, 18-11-94 E 5-12-2002, entre outras.) Algunhas sentenzas introduciron matizacións neste criterio, presumindo que a vontade de incumprimento demóstrase “polo feito mesmo da ineffectividade do prezo contravindo a obriga asumida (STS 19-6-1985); ou admitindo o incumprimento relativo ou parcial, sempre que impida [...] a realización do fin do contrato, isto, é a completa e satisfactoria autorización [...] segundo os termos convidados” (STS 15-10-2002).

A normativa mencionada no parágrafo anterior é susceptible de aplicación ao contrato de patrocinio obxecto do presente informe, por canto o patrocinado (Club Deportivo Lugo), obrígase a divulgar no ámbito que lle é propio, a publicidade do patrocinador (Deputación Provincial de Lugo). Segundo o previsto no artigos 18 e 19 da LXP, no caso de que o patrocinado realizase un cumprimento defectuoso ou non realizase algunha das prestacións obxecto do contrato, o patrocinador poderá optar pola rebaixa do prezo, ou pola repetición ou difusión posterior nas mesmas condicións pactadas, sempre que dita circunstancia fose posible considerando as características das prestacións non executadas ou executadas defectuosamente.

Non obstante o anterior, no caso que nos ocupa, á vista da documentación sinalada nos antecedentes e a xuízo do que subscribe, non nos atopamos nun suposto de incumprimento das prestacións obxecto do contrato nin de cumprimento defectuoso, tal e como se recolle tamén no informe do Servizo de Deportes.

O informe emitido pola empresa de tasación, THIRSA, reflicte diversos elementos valorativos estudados, como mecanismo de análise de equivalencia das prestacións formuladas, de acordo a distintos parámetros de medición reflectidos no informe, co obxectivo de valorar o retorno publicitario positivo que no seu caso promova a asociación do patrocinador á actividade e/ou imaxe do club deportivo (sociedade anónima).

O informe, no seu punto 2. obxecto de valoración, reflicte que:

«2. Obxecto da valoración

Obxecto: O obxecto deste informe consiste na valoración económica e adaptación a prezos de mercado das propostas de patrocinio deportivo seguintes:

Proposta emitida polo Club Deportivo Lugo SAD con data 11 de decembro de 2018 para o período ata 31 de decembro de 2019 e número de rexistro de entrada 33355.

Proposta emitida polo Club Baloncesto Breogán SAD con data 3 de xaneiro de 2019 para o período ata 31 de decembro de 2019.»

E así mesmo, no punto 16, conclusión, indica expresamente:

«De acordo co traballo feito e co propósito declarado ao comezo do informe, estimamos que o valor de mercado do impacto publicitario das accións previstas dentro das contraprestacións reflectidas nas propostas de patrocinio deportivo previamente explicadas para cada club, ascende, na data de valoración, a:

(...)

Para o CD Lugo, SAD 305.700,00 € (trescentos cinco mil e setecentos euros)

A nosa avaliación económica e técnica confirma que o patrocinio da Deputación Provincial de Lugo co CB Breogán e co CD Lugo xeran unha alta visibilidade á Deputación, sendo unha



acción publicitaria de alta repercusión a nivel provincial e que supón, polo tanto, un custo de campaña moi rendible fronte ás cantidades presentadas polas axencias en propostas de campañas institucionais.»

E así mesmo, no apartado 17. Observacións indica:

« A efectos informativos e a petición do solicitante, exprésase a continuación as nosas observacións seguintes:

Extrapolación ao ano 2020

Os datos e valoracións da rendibilidade comunicativa e económica do patrocinio dos clubs de baloncesto Breogán, S.A.D. e Club Deportivo Lugo S.A.D. recollidos neste informe pódense extrapolar ao mesmo período do ano 2020, facendo, do mesmo modo, economicamente rendible este patrocinio, sempre e cando se mantén a situación deportiva dos dous clubs.»

(...)»

A este respecto sinalar que o prazo de duración do contrato obxecto da presente contratación segundo o previsto na cláusula 5 do PCAP, esténdese ata o 31 de decembro do 2019, polo que o período de execución quedaría reducido ao intervalo abranguido entre o venres 8 de novembro de 2019 (data en que se asina a acta de inicio) ao 31 de decembro de 2019. Tal circunstancia limitaría a aparición, presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador e en consecuencia reduciría ostensiblemente a continua exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e no seu caso á audiencia potencial e ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio).

Ha de terse en conta que o patrocinio publicitario deportivo vén sendo definido como a relación na que unha empresa ou entidade, -patrocinador-, achega recursos económicos ao servizo dun equipo deportivo, -patrocinado-, co obxectivo de vincular os valores ou atributos da devandita actividade/equipo á súa imaxe e obter un beneficio na comunicación. A aparición, presenza ou

	3410.22602	36.000,00	22019/31176
	3340.22602	7.560,00	22019/31177
2020	9200.22602	48.710,97	221099/655
SUMA		165.693,53	

LOTE:2			
ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES	RC
2019	4320.22602	118.870,40	22019/29540
2020	4320.22602	118.870,40	221099/658
SUMA		239.870,40	

Importe total: 335.176,80 €, aos que habería que engadir 70.387,13 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 405.563,93 €.

Os prezos unitarios que rexerán a contratación serán os seguintes:

LOTE	PREZO UNITARIO (sen IVE)	Nº DE INSERCIÓNS
LOTE 1	1.556,10	88
LOTE 2	6.195,00	32

As empresas comprométense ás seguintes melloras:

Licitadores	a) Incremento sen custe de insercións en papel	b) Incorporación sen custe publicidade online
LOTE 1: EL PROGRESO	0 páxinas	10 días naturais
LOTE 2: LA VOZ DE GALICIA	3 páxinas	2 días naturais

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 235.852,96 €, para a anualidade 2019.



A cantidade de 169.710,97 euros, que se executará no exercicio 2020, queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estando incluída nos orzamentos de 2020, aprobados inicialmente polo Pleno do 5 de decembro de 2019, nas aplicacións indicadas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio

As anualidades non excederán de 4 anos

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmpanse os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración de cinco meses, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio ou, no seu defecto, da sinatura do contrato.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C60BF4 IMP (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2) PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de emulsión asfáltica C60BF4 IMP (asimilable a antiga ECR-2) para o parque móbil da Deputación Provincial de Lugo, coas características especificadas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas aprobados pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada con data 11 de decembro de 2019.

En cumprimento do acordado pola Xunta de Goberno, os anuncios de licitación foron remitidos ao Diario Oficial da Unión Europea e publicados na plataforma de contratación do sector público o día 16 de decembro de 2019. Na mesma data e plataforma sinaladas, publicáronse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación de referencia, xunto co resto de documentación preparatoria do contrato.

Visto o Informe do Xefe do Parque Móbil, no que se recolle a necesidade de facer modificacións nos pregos de prescricións técnicas publicados, a Presidencia orde a día 17 de decembro de 2019 –en aras de evitar repercusións negativas nos licitadores interesados en concorrer á licitación de referencia- a paralización do procedemento de contratación, procedendo o Servizo de Contratación e Fomento na mesma data á retirada dos anuncios de licitación e resto de documentación publicada na plataforma de contratos do sector público.



No caso que nos ocupa non procede a modificación contractual vía artigo 204 da LCSP, posto que no prego de cláusulas administrativas non está previsto a modificación do obxecto contractual. A segunda forma de introducir modificacións contractuais, regulada no artigo 205 da LCSP, non resulta de aplicación posto que se propón unha modificación sustancial que afecta a un elemento esencial do contrato e altera a natureza global do mesmo e non se pode considerar que a mesma deriva de circunstancias sobrevidas e que non foran previsibles no momento que tivo lugar a licitación.

Porén, e xa que se produciu o inicio do procedemento de adxudicación mediante a inserción dos correspondentes anuncios de licitación, e dado que a modificación proposta afecta ao obxecto contractual, e que se xustifica esta equivocación baseándose en que durante o proceso de redacción dos pregos se manexaron pregos similares, que diferían practicamente no tipo de emulsión asfáltica empregada; tendo en conta que a emulsión que se licita é acaída para determinadas obras, sendo desaconsellable para os usos habituais do parque móbil provincial, procede desistir do procedemento iniciado.

A posibilidade de desistencia do procedemento de adxudicación por parte dunha Administración é unha cuestión á que se fai mención expresa o artigo 152 da LCSP, que a continuación se reproduce:

“Artículo 152 Decisión de no adjudicar el contrato y desistimiento del procedimiento de adjudicación por la Administración

1. En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que

hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.

3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.

4. El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación (...).”

Esta mesma indicación, se establece coa aplicación subsidiaria, de acordo co disposto na disposición adicional quinta da LCSP, final terceira do TRLCSP, dos artigos 21.1, 84.1 e 93 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas

A maior abundamento, a cláusula número 18.1 in fine do prego de cláusulas administrativas particulares reitores da contratación , recolle tamén a posibilidade da desistencia do procedemento de adxudicación polas causas, cos requisitos e consecuencias establecidas no art. 152 da LCSP

O artigo 152.3 da LCSP dispón que a renuncia soamente é posible por razóns de interese público que deberán ser xustificadas debidamente no expediente, non sendo posible iniciar unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan tales razóns, circunstancia, esta que non está presente no caso da desistencia.

A desistencia do procedemento, tal e cómo recolle, entre outros, o informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade de Madrid, 3/2013, do 15 de Outubro, sobre a posibilidade de renunciar á celebración dun contrato, debe fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, xustificando debidamente no expediente a causa que concorre.



No que respecta as condicións que deben darse para que a Administración acorde validamente a desistencia dun procedemento de contratación, pódese facer mención ao establecido en distintas resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, como por exemplo na Resolución nº 286/2012, recaída no Recurso nº 277/2012, no que textualmente se di:

“La regulación de la Ley de Contratos del Sector Público de 2007, a diferencia de la normativa anterior, establece condiciones al órgano de contratación para acordar válidamente el desistimiento de un procedimiento de licitación antes de que el contrato haya sido adjudicado. Exige, para ello, la existencia de una infracción no emendable de las normas de preparación del contrato, o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa, no pudiéndose adoptar por razones de pura oportunidad.

La infracción de las normas de preparación y adjudicación del contrato puede apreciarse en los pliegos de contratación, entre otros actos que integran el procedimiento de licitación. En la medida en que la decisión de desistir de un contrato puede afectar, como es el caso, a los licitadores, la Ley exige el cumplimiento de los requisitos mencionados que deben ser interpretados de manera restrictiva. El desistimiento regulado en el TRLCSP es una alternativa de revisión de la actuación administrativa específica, en relación con los medios generales previstos en la Ley para la revisión de los actos administrativos como la declaración de lesividad prevista en el artículo 103 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Es por ello que, concurriendo dichas circunstancias, la Administración puede desistir del contrato sin necesidad de acudir a dichos medios de revisión de los actos administrativos, en beneficio de la eficacia de la actuación administrativa, pues no tendría sentido continuar un procedimiento de licitación que infrinja la Ley, ni tampoco demorar en exceso la revisión de la actuación ilegal. Todo ello, claro está, siempre que no se comprometan derechos adquiridos, como sucedería si se hubiera producido la adjudicación del contrato”

Considerando o anteriormente exposto, serían por tanto tres os requisitos básicos a cumprir, para que o órgano de contratación poida acordar validamente a desistencia do procedemento de contratación:

Deberá acordarse polo órgano de contratación antes da súa adxudicación.

Deberá fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, xustificando debidamente no expediente a causa que concorre.

Implica compensar aos licitadores que concorreron á mesma polos gastos nos que incorresen.

No que respecta ao primeiro dos requisitos, compre sinalar que o expediente de referencia, está en fase de presentación de propostas.

En relación ao feito de que a desistencia deba estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, compre realizar as seguintes consideracións:

O informe emitido polo Xefe do Parque Móbil anteriormente mencionado, pon de manifesto a existencia de erros no obxecto contractual.

No que respecta á consideración de si a existencia de erros no obxecto contractual, pode ter a consideración de infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, compre sinalar que o obxecto do contrato forma parte do contido mínimo do contrato debendo reflexarse o mesmo nos PCAP. Neste senso o código civil, no artigo 1261, recolle como requisito indispensable para a existencia do contrato que teña un obxecto certo que sexa materia do contrato; engadindo o artigo 1266 que o erro recaído sobre a sustancia da cousa que fose obxecto do contrato invalida o consentimento. Á vista do anterior, é aplicado ao caso que nos ocupa, parece procedente considerar que a existencia de erros na definición do obxecto contractual ten a entidade suficiente como para considerar que se trata dunha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación

Polo que se refire á posible compensación dos licitadores concurrentes, como xa se indicou anteriormente, o día 17 de decembro de 2019 procedeuse - con criterio de prudencia - á retirada dos



anuncios de licitación e resto de documentación publicada na plataforma de contratos do sector público; resultando que non constando na referida plataforma licitadores presentados ata esa data.

Compre sinalar tamén que, a diferenza da renuncia á celebración dun contrato, a vía do desistencia do procedemento de adxudicación dun contrato, non esixe que o mesmo se fundamente en razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, como así sinala o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais en distintas resolucións, como por exemplo na Resolución nº 263/2012, recaída no Recurso nº 255/2012, sendo suficiente a concorrencia dunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación. Concorrencia que, no presente caso, exponse e xustifícase debidamente nos parágrafos anteriores.

O último dos requisitos a cumprir para acordar validamente a desistencia do procedemento de contratación, ven dado pola compensación aos candidatos ou licitadores que participaron neste procedemento polos gastos nos que incorresen, na forma prevista nos pregos ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración, sendo de aplicación neste caso - posto que nos PCAP non se prevé fórmula de compensación - as regras de responsabilidade patrimonial previstas no Capítulo IV (artigos 32 e seguintes) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, ata o límite dos gastos ocasionados pola preparación das ofertas ou a participación no procedemento de contratación .Como se indicou, no existen licitadores concorrentes.

Por último, compre sinalar que, se ben o expediente de contratación debe ser obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea, o Anuncio de licitación foi remitido ao mencionado diario, sen que o mesmo se chegase a publicar; polo que, en caso de acordarse a desistencia contrato, non será preciso informar á Comisión Europea de dita desistencia (art. 155.1 do TRLCSP), ao non terse publicado no Diario Oficial da Unión Europea. Non obstante, como xa se remitira o Anuncio de Licitación ao Diario Oficial da Unión Europea, procedeuse á retirada do mesmo polo Servizo de Contratación e Fomento, o día 17 de decembro de 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o

órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.

De acordo co establecido no artigo 152.4 da LCSP a desistencia do procedemento de adxudicación, non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.”

Por canto vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desistir do procedemento de adxudicación da contratación da subministración de emulsión asfáltica C60BF4 IMP (asimilable á antiga ECR-2), para a Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, con fundamento na concorrencia dunha infracción non emendable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, a cal está debidamente xustificada no expediente, deixando sen efecto todo o actuado e procedendo ao arquivo do expediente.

2º.- Publicar o contido do presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na plataforma de contratos do sector público.

3º.- Impulsar os trámites precisos para iniciar un novo procedemento de contratación da subministración de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade dunha prórroga anual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.



Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Actividades conmemorativas do 350 Aniversario da Ofrenda do Reino de Galicia” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor.

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Diócese de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Actividades conmemorativas do 350 Aniversario da Ofrenda do Reino de Galicia” durante a anualidade 2019, polo importe 15.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2019 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 5.2-c), titulada "Cultura" (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00 €, a favor da Diócese de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Actividades conmemorativas do 350 Aniversario da Ofrenda do Reino de Galicia”, na anualidade 2019, subvención incluída na Liña 5.2-c), titulada “Cultura” (Outras actuacións específicas), da Área de Cultura, do PES da Deputación de Lugo 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 a favor da Diócese de Lugo, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Actividades conmemorativas do 350 Aniversario da Ofrenda do Reino de Galicia”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta deputación e o Concello de O Corgo coa finalidade común de colaborar na mellora das pistas de*



acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Corgo, coa finalidade común de colaborar na mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Corgo.

D. José Antonio Ferreiro González, Alcalde do Concello de O Corgo achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 31 de maio de 2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, memorias para a realización conxunta entre o Concello de O Corgo e a Deputación de Lugo, das actuacións de: mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio, salientando entre outros:

Esta documentación complementouse con outra xustificativa adicional datada do 03 de xullo de 2019, no que entre outros consta a ratificación da solicitude polo actual Alcalde-Presidente.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de O Corgo e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

Investimento:	Achega Deputación	Achega Concello
Mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, campo da feira de Gomeán e explanada do centro escolar	57.435,70 €	--
Acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio	96.195,00 €	--
TOTAL	153.630,70 €	

O concello de O Corgo achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:



O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública

e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:



Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán” Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...). 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril. (...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellora de infraestruturas viarias.



Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de O Corgo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b)

Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de O Corgo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola



causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de O Corgo, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

Anualidade	Deputación Provincial de Lugo	Concello de O Corgo
2019	153.630,70	--

Concello de O Corgo: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os

consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de O Corgo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de



marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Corgo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de mellora das pistas de acceso ao núcleos de Campelo, Vilapene, igrexa de San Cristóbal, Campo da Feira de Gomeán e explanada do centro escolar e acondicionamento, bacheo e reforzo do firme de camiños municipais en Adai, Vilaceleiro, Segovia, e Lapio , con un orzamento total de 153.630,70 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 153.630,70 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de O Saviñao coa finalidade común de colaborar na abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Saviñao, coa finalidade común de colaborar na abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1. que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Saviñao.

D. Joaquín González González, Alcalde do Concello de O Saviñao achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 17 de outubro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; proxecto para a realización conxunta entre o Concello de O Saviñao e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1 nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos cos investimentos que se articulan neste convenio.

En data 03 de xullo de 2019, achégase escrito do Concello de O Saviñao, identificando ao novo Alcalde, e solicitude corrixida que tivo que ser emendada con posterioridade.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de O Saviñao e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1. Esta acción colaborativa non conforma



prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

Investimento:	Achega Deputación	Achega Concello ou Outras Fontes de Financiamento
Abastecemento de Auga na Parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1,	181.961,74€	--
TOTAL	181.961,74€	

O concello de O Saviñao achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo, encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino do investimento obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.



A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas



administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...). 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...). 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de abastecemento de auga.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que

“é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de O Saviñao é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga



potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto ao abastecemento de auga, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de O Saviñao, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia;

e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de O Saviñao, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

Anualidade	Deputación Provincial de Lugo	Concello de O Saviñao ou outras Fontes de Financiamento
2019	181.961,74€	--

Concello de O Saviñao: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.



O concello de O Saviñao será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que

se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Saviñao coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1, con un orzamento total de 181.961,74 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 181.961,74 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación e o Concello de Cervantes, para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición de miniexcavadora.*

Logo de ver proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de



Cervantes, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en:
Adquisición de miniexcavadora

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 05/07/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición de miniexcavadora.

En data 05/07/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Cervantes:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 31 de decembro de 2019”.

Don Benigno Gómez Tadín, Alcalde do Concello de Cervantes achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 10/12/2019, a través do que manifesta “... por non presentarse ningunha oferta á licitación dentro do prazo legalmente establecido e que cumpra cos requisitos mínimos”, Solicita unha prórroga para a executar e xustificar dos investimentos ata o 30 de novembro de 2020.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan

contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6.



As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses,

obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...). 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril. (...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Cervantes é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)”.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á necesidade de mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.



En canto a dotación de servizos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais:

“ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Cervantes segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Cervantes a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Cervantes tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber

de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Cervantes será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimemente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da



Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar e xustificar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de novembro de 2020.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición de miniexcavadora, de tal xeito que a data para executar e xustificar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de novembro de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento, sendo as once horas e vinte e cinco minutos, e de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do sector Público, auséntase da sesión o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón.

Quinto.- *Modificación anexo 1 da terceira addenda de modificación ao convenio de colaboración entre esta. Deputación e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Lugo para a cesión de uso do edificio N° 1 do “Complexo do Miño” con destino á se do centro asociado da UNED en Lugo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, co conforme do Secretario Xeral, relativo á modificación do anexo 1 da terceira Addenda de modificación ao convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), o Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED en Lugo para a cesión de uso do edificio nº 1 do “Complexo do Miño” con destino á se do centro asociado da UNED en Lugo, que dispón o seguinte:

“Asunto: *Modificación anexo 1 da terceira addenda de modificación ao convenio de colaboración entre esta. Deputación e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Lugo para a cesión de uso do edificio N° 1 do “Complexo do Miño” con destino á se do centro asociado da UNED en Lugo, a petición da UNED.*



En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Que o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo, é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica e da capacidade xurídica e de obrar que se require para a realización dos seus obxectivos.

De acordo co establecido no artigo 1 dos seus Estatutos, o Consorcio queda constituído pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Con data 16 de maio de 2011, a Deputación de Lugo, a UNED, o Concello de Lugo e o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo, firmaron un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a UNED, a Deputación de Lugo e o Consorcio do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia de Lugo coa finalidade de colaborar conxuntamente para a localización do centro Asociado da UNED en Lugo nas instalacións do edificio nº 1 do “Complexo do Miño”, ben patrimonial propiedade de la Deputación de Lugo.

Dito convenio foi obxecto das seguintes modificacións:

En data de 25 de setembro de 2014, foi modificado o convenio, asinándose unha primeira addenda.

En data 22 de abril de 2016, a Xunta de Goberno aprobou a segunda addenda ao indicado convenio de colaboración, asinándose esta segunda addenda o 9 de marzo de 2017.

En data 11 de maio de 2018 a Xunta de Goberno aprobou a terceira addenda ao indicado convenio de colaboración, non sendo asinada a data de hoxe. En consecuencia estaba aprobado pola Deputación dita terceira addenda de modificación, pero as outras entidades participantes non chegaron a desenvolver os trámites para asinar ou simplemente non asinaron a dita addenda terceira.

En data 01 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno aprobou a adaptación da terceira addenda do convenio indicado, incluído no anexo 1, a relación de equipamento tecnolóxico para o Centro Asociado de Lugo. Dita addenda foi asinada o 12/03/2019.

En data 25 de novembro de 2019, tivo entrada nesta Deputación, escrito de solicitude do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED de Lugo, no que solicita modificar o anexo 1 da addenda terceira do convenio indicado.

Así mesmo consta informe do Servizo de Comunicación e TICs, de data 04/12/2019, favorable a modificación do devandito anexo 1, ao considerar que inclúe equipamento obsoleto, e no que se actualiza e identifica o equipamento a subministrar.

O artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinalaba que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico.

En calquera caso, con base no principio de Liberdade de Pactos, as AAPP poden celebrar os convenios que estimen convinte e en consecuencia modificalos, sempre que teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñan encomendado, circunstancia que, a xuízo do que subscribe, concorre no presente suposto.

De igual xeito, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, nos seus artigos 47 e seguintes establece os tipos, requisitos e contido dos convenios.

A modificación do anexo I, e polo tanto da Addenda terceira de modificación de convenio ten natureza administrativa e queda excluída da aplicación a Lei de contratos do sector público (vixente no momento da celebración do convenio) á vista do que establece o artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos da citada lei “Los convenios de colaboración que celebre la Administración General del Estado con las entidades gestoras y servicios comunes de la Seguridad Social, las Universidades Públicas, las Comunidades



Autónomas, las Entidades locales, organismos autónomos y restantes entidades públicas, o los que celebren estos organismos y entidades entre sí, salvo que, por su naturaleza, tengan la consideración de contratos sujetos a esta Ley.” Neste mesmo sentido se mantén a normativa vixente na actualidade, xa que a nova Lei de Contratos do Sector Público, 9/2017, do 8 de novembro, exclúe igualmente este tipo de convenios da lexislación contractual segundo o artigo 6.1 en relación co artigo 31.1. letra b.

A materia obxecto da presente Addenda ao convenio de colaboración para a cesión de uso do edificio número ° 1 do “Complexo Miño”, con destino á sede do Centro Asociado da UNED en Lugo, subscrito con data 16 de maio de 2011, é competencia Provincial en aplicación do artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción que dice: (...) Son fines propios y específicos de la Provincia garantizar los principios de solidaridad y equilibrio intermunicipales, en el marco de la política económica y social, y, en particular: a) Asegurar la prestación integral y adecuada en la totalidad del territorio provincial de los servicios de competencia municipal. b) Participar en la coordinación de la Administración local con la de la Comunidad Autónoma y la del Estado. (...)

Debe terse en conta ademais o disposto no artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, “Compete a las Diputaciones Provinciales regir y administrar los intereses peculiares de la provincia, creando, conservando y mejorando los servicios cuyo objeto sea el fomento de los mismos, y, en especial, los siguientes: a) Construcción y conservación de carreteras y caminos provinciales. b) Conservación de monumentos histórico-artísticos. c) Establecimiento y conservación de bibliotecas. d) Organización de concursos y exposiciones y de cualquier otra actividad cuya finalidad sea el fomento en materia de cultura, educación y deporte. e) Realización de obras en todo el territorio provincial.

Doutra banda, a Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local de Galicia, no artigo 3.3 indica “ En particular, no se entenderá como ejercicio de nuevas competencias: a) La continuidad en la prestación de los servicios ya establecidos. b) La continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores así como la realización de nuevas actuaciones de fomento que habían sido ya establecidas en los proyectos de establecimiento de

servicios objeto de los informes de inexistencia de duplicidades y sostenibilidad financiera previstos en esta ley.

(...)

f) La colaboración entre administraciones entendida como el trabajo en común para la solución de aquellos problemas, también comunes, que pudieran formularse más allá del concreto reparto competencial en los distintos sectores de la acción pública, de acuerdo con el artículo 193.2 de la Ley 5/1997” que establece “La colaboración se entenderá como: a) El deber de todas las Administraciones Públicas de ponderar y respetar, en sus respectivas actuaciones, la totalidad de los intereses públicos implicados, y, en concreto, los intereses particulares y legítimos cuya gestión esté encomendada a las demás Administraciones Públicas. b) El trabajo en común para la solución de aquellos problemas, también comunes, que pudiesen plantearse más allá del concreto reparto competencial en los distintos sectores de la acción pública.

De igual xeito, a disposición adicional primeira desta mesma Lei 5/2014 establece “Las competencias atribuidas a las entidades locales por la legislación autonómica anterior a la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán ejerciéndolas ellas, rigiéndose por la indicada legislación o, en su caso, por el derecho estatal aplicable como supletorio, sin perjuicio de lo dispuesto en las disposiciones adicionales cuarta y quinta sobre la asunción por la Comunidad Autónoma de las competencias relativas a la educación, salud y servicios sociales” e a disposición adicional cuarta sinala “Las competencias que debe asumir la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de educación, salud y servicios sociales en cumplimiento de las disposiciones de la Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán siendo prestadas por los municipios en tanto no se den las condiciones previstas para su traspaso en la normativa básica y, en particular, el establecimiento del nuevo sistema de financiación autonómica y de las haciendas locales previsto en la misma.

2. En el marco de lo que dispongan las normas reguladoras del sistema de financiación de las comunidades autónomas y de las haciendas locales, el Consello de la Xunta de Galicia regulará las condiciones del correspondiente traspaso de medios económicos, materiales y personales, sin



que la gestión por las comunidades autónomas de los servicios anteriormente citados pueda suponer un mayor gasto para el conjunto de las administraciones públicas. (...)”

A maior abastanza, ha de considerarse que esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais

A disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece “todos los convenios vigentes suscritos por cualquier Administración Pública o cualquiera de sus organismos o entidades vinculados o dependientes deberán adaptarse a lo aquí previsto en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta Ley”. Este prazo vence o 2 de outubro de 2019. Antes de esta data debe acometerse a tarefa de adaptar dito convenio a esa lexislación. En calquera caso o convenio vixente ten establecido un prazo de vixencia e non existe prórroga tácita. Tal e así que na cláusula terceira do convenio asinado o 16 de maio de 2011 establecíase unha duración de 30 anos, e na cláusula segunda da addenda asinada o 25 de setembro de 2014, a duración fixouse en 49 anos a contar desde a efectiva entrega das instalacións ao consorcio Centro asociado da UNED en Lugo.

Sobre a adaptación interesada polo Centro Asociado da UNED, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado g) establece que “el régimen de modificación del convenio, a falta de regulación expresa la modificación al contenido del convenio requerirá acuerdo unánime de los firmantes”.

Xa que logo, a cláusula segunda do dito convenio precisa que “este convenio surtirá efecto a partir de la fecha de su firma. La vigencia se mantendrá durante un período de 49 años a contar desde la efectiva entrega de las instalaciones al Consorcio “Centro asociado de la UNED en Lugo”.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da

Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das partes para a modificación do anexo 1 incluído na addenda terceira do convenio, de forma que queden incluídos os equipamentos indicados no anexo 1 modificado.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así, a proposta de modificación de anexo 1 incluído na terceira addenda de modificación ao convenio, a petición da UNED, é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do Anexo 1 da terceira Addenda ao convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación de Lugo, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), o Concello de Lugo e o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED en Lugo coa finalidade de colaborar conxuntamente para a localización do centro asociado da UNED en Lugo nas instalacións do edificio nº 1 do “complexo do Miño”, ben patrimonial propiedade da Deputación de Lugo, a petición da UNED, de xeito que queden



incluídos os equipamentos relacionados neste novo Anexo I, incluído no informe do Servizo de comunicación e TICs de data 04/12/2019, e que se incorpora á addenda de modificación e ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por maioría de seis votos a favor e unha abstención (correspondente ao Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón), acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento, sendo as once horas e trinta minutos, incorpórase á sesión o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón.

Sexto.- *Proposta relativa á aceptación de renuncia do concello de Triacastela, ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Triacastela coa finalidade común de colaborar na redación de Proxecto Museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: o paleolítico das serras orientais. a Cova de Eirós.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a aceptación de renuncia do Concello de Triacastela ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Triacastela, coa finalidade común de colaborar na redación de Proxecto Museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: o paleolítico das serras orientais. a Cova de Eirós que dispón o seguinte:

“Por acordo da Xunta de Goberno, de data 09/11/2019, aprobouse o texto do convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de Triacastela, coa finalidade de colaborar na execución dos fins comúns de “Redación de Proxecto Museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: (o paleolítico das serras orientais. A Cova de Eirós)”, a través do cal a Deputación contribuía cunha achega de 31.000,00 euros e o Concello achegaba ao fin común 800,00€.

En data 13 de novembro de 2018 formalizouse o convenio referenciado.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 06/09/2019 aprobouse a modificación do convenio indicado, modificando as datas para executar e xustificar o investimento, quedando establecido no 30/11/2019 e 15/12/2019 respectivamente.

En data 10 de setembro de 2019 formalizouse a devandita addenda de modificación.

Non consta que o Concello de Triacastela solicitase nin se lle aboase o anticipo previsto no Convenio.

Por escrito, de data 19/11/2019, o concello de Triacastela manifesta a súa Renuncia ao convenio asinado, indicando no mesmo os motivos polos cales presenta tal renuncia.

Entre as causas de resolución que se fixan no artigo 51 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, citase no apartado 2.b “o acordo unánime de todos os firmantes”. No caso que nos ocupa o acordo enténdese logo da solicitude do Concello de Triacastela e a aceptación por parte da Deputación.

Neste caso que nos ocupa, o ordenamento xurídico non prohibe que as entidades municipais renuncien ao dereito de obter as achegas recollidas no convenio asinado, para a execución dos investimentos indicados. A renuncia á mesma realizouse a través do rexistro desta Deputación, polo que se ten constancia da mesma a través da solicitude rexistrada, fundamentando a renuncia no feito de que non se executou o especificado no convenio.

A normativa aplicable ás solicitudes/comunicacións de renuncia presentada polo Concello de Triacastela atópase no artigo 84.da Lei 39/2015. de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, que dispón: “1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico,...” e no artigo 94 da citada Lei, que indica, entre outros



“...Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. (...)”

En canto ao órgano competente, sinalar que o convenio e a súa modificación foron aprobados pola Xunta de Goberno, polo que se da conta, ao mesmo órgano, da Renuncia ao convenio.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a aceptación da renuncia presentada polo Concello de Triacastela, e por conseguinte a extinción do convenio citado, para o investimento concretado no convenio referenciado.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aceptar a Renuncia presentada polo Concello de Triacastela, ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Triacastela, coa finalidade común de colaborar na redación de Proxecto Museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: o paleolítico das serras orientais. A Cova de Eirós, e por conseguinte declarar a extinción do convenio citado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de Outeiro de Rei coa finalidade común de colaborar na apertura de tramo viario para ordenación de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Outeiro

de Rei, coa finalidade común de colaborar na apertura de tramo viario para ordenación de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Outeiro de Rei.

D. José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); con rexistro de data 26/10/2018, e posterior aclaración, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; xunta memoria valorada para a realización conxunta entre o Concello de Outeiro de Rei e a Deputación de Lugo, das actuacións de: apertura de tramo viario para ordenación de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos cos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Outeiro de Rei e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: apertura de tramo viario para ordenación de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

Investimento:	Achega Deputación	Achega Concello
Apertura de tramo viario para ordenación de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei	175.802,18€	20.000,00€
TOTAL	195.802,18€	



O concello de Outeiro de Rei achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo, encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.



Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que

consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...). 2.- A cooperación



poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscripción de convenios administrativos; (...)”.

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Outeiro de Rei é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á mellora viaria, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa



correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Outeiro de Rei, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Outeiro de Rei, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

Anualidade	Deputación Provincial de Lugo	Concello de Outeiro de Rei
2019	175.802,18	20.000,00

Concello de Outeiro de Rei: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da



preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Outeiro de Rei será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Outeiro de Rei coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de apertura de tramo viario para ordenación de mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei , con un orzamento total de 195.802,18 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 175.802,18 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á publicación o día 20/09/2018, no*



diario “El Progreso” e no diario “La Voz de Galicia”, dunha declaración institucional en relación co falecemento do Secretario Xeral desta Deputación.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe de data 13/12/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)”

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REGISTRO DE ENTRADA		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
El Progreso de Lugo, S.L.	11809-15	21/09/2018	24/09/2018	25.871	1.482,25 €	Publicación no diario “El Progreso”, o día 20/09/2018, dunha declaración institucional en relación co falecemento do Secretario Xeral desta Deputación, D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
La Voz de Galicia, S.A.	P18 011206	30/09/2018	03/10/2018	2018/3.763	1.558,48 €	Publicación no diario “La Voz de Galicia”, o día 20/09/2018, dunha declaración institucional en relación co falecemento do Secretario Xeral desta Deputación, D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
TOTAL					3.040,73 €	

Visto que consta:

Resolución da Presidencia de data 18/09/2018, para facer declaración institucional de condolencias, ordenar a inserción de publicidade nos medios de comunicación, trasladar á familia expresión e testemuño institucional da condolencia polo falecemento, entrega de homenaxe floral, e participar de forma presencial nos funerais que por parte da familia se estableceran ou calquera outros que incidan en significar e difundir o loito e o pesar da Institución.

As propias facturas con Rexistro de Entrada e con dilixencia do Servizo de Relacións Institucionais, de data 15/10/2018, de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas pola Presidencia naquela data.

Declaracións responsables (asinada en data 16/09/2019, pola representante de El Progreso de Lugo, S.L., e en data 04/11/2019 polo representante de La Voz de Galicia, S.A.), en modelo normalizado, de que ditas entidades teñen plena capacidade de obrar e dispoñen de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopan incursas na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas (de datas 15/10/2018, 26/06/2019 e 05/11/2019), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas dende o Servizo de Relacións Institucionais.

Informe- Proposta deste Servizo para cada unha das facturas, ambos de data 20/11/2019, nos que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas para cada unha das facturas, ambos de data 22/11/2019, en relación coa existencia de crédito dispoñible no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 18/9120.22601.

Resolución da Presidencia, de data 05/12/2019, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 03/12/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“1.- Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:



O obxecto do presente informe refírese ás facturas que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
El Progreso de Lugo, S.L.	11809-15	21/09/18	1.482,25	9120.22601	92019/9543
La Voz de Galicia, S.A.	P18011206	30/09/18	1.558,48	9120.22601	92019/9542
			3.040,73		

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Servizo de Relacións Institucionais, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2018, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 3.040,73 euros.

3. Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe

pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.

Informe da unidade xestora.

Neste informe da unidade xestora, de data 29/11/2019, co código seguro de verificación IV6R6SSODRJSJW5DZUWGAEJQEY, relativo ao informe de intervención do 26/11/2019, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, conclúese que:

“4- En calquera caso trátase dunha subministración que pola súa imprevisibilidade, inmediatez e urxencia sobrevida, é materialmente imposible executalo a partir da tramitación do procedemento de contratación vixente, de ahí a advertencia previa da responsable do Servizo na reunión do día 18, e a asunción das decisións en tal sentido dos órganos de goberno ao respecto.

5- Polo que respecta á tramitación posterior tras a recepción das facturas, este Servizo actuou con absoluta rapidez e dilixencia ó obxecto de non demorar o abono das facturas.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

No citado informe - proposta deste Servizo de data 21/11/2019, faise referencia á proposta de inicio de expediente de contratación do Parque Móbil, de data 13/09/2019, para a subministración de materiais diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil (EXP0027SU19-ABO), dividido en 8 lotes, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.



A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2019.

As tres facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden cun procedemento de licitación que todavía non se tiña iniciado nas datas de realización de ditas prestacións, pero cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Asimismo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, en relación coa factura N° 13680, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018 (no caso da factura N° 13680) e no exercicio orzamentario 2019 (no caso das facturas N° 13694 e N° 13837), e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
D. Ignacio González Barros	13680	31/12/2018	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do pisión nº 9 (bomba de combustible, bomba de auga, correa e xunta).	305,53 €
D. Ignacio González Barros	13694	10/01/2019	Subministración no mes de xaneiro do 2019, dunha peza para a reparación e mantemento do pisión nº 9 do Parque Móbil.	445,28 €
D. Ignacio González Barros	13837	30/06/2019	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (cepillos centrais, sensores, cuchillas motoniveladora, correas ventilador, dentes, chavetas, segmentos cuchilla, tornillos e tuercas).	2.481,13 €
TOTAL				3.231,94 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”



Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por D. Ignacio González Barros, por un importe total de 3.231,94 €:

Nº 13680 de data 31/12/2018, correspondente á subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do pisón nº 9 (bomba de combustible, bomba de auga, correa e xunta), dun importe total de 305,53 €.

Nº 13694 de data 10/01/2019, correspondente á subministración no mes de xaneiro de 2019, dunha peza para a reparación e mantemento do pisón nº 9 do Parque Móbil, dun importe total de 445,28 €.

Nº 13837 de data 30/06/2019, correspondente á subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (cepillos centrais, sensores, cuchillas motoniveladora, correas, ventilador, dentes, chavetas, segmentos cuchilla, tornillos e tuercas), dun importe total de 2.481,13 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN POR ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO, MEDIANTE A CELEBRACIÓN DUNHA POXA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibbles do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno en sesión ordinario celebrada o 6 de novembro de 2019, adoptou entre outros, o acordo alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa aprobando o prego reitor e ordenando a oportuna publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vista a publicación de anuncio de aprobación do prego de cláusulas administrativas que rexerá no dito procedemento no BOP nº 258 do 11 de novembro de 2019.

Á vista das actas das reunións da Mesa de poxa datadas o 21 e 22 de novembro de 2019 e o anexo para incorporar documentación do 28 de novembro de 2019 e visto o informes dos Servizos desta Entidade propónse á Xunta de Goberno elevar a definitiva a proposta de adxudicación feita pola Mesa de Poxa coa adopción dos seguintes acordos:

Adxudicar o procedemento de alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa a favor dos licitadores e ofertas seguintes:

Luz López Vázquez Prezo total: 352 € (10 % IVE incluído)

Raza Cachena:	Prezo
ES021112099205	320€ + IVE

Francisco Javier Fernández Varela Prezo total: 6.380 € (10 % IVE incluído)

Raza Cachena:	Prezo
ES081111004726	370€ + IVE
ES011111004729	390€ + IVE
ES051111004723	400€ + IVE
ES021111058982	350€ + IVE
ES001111058991	350€ + IVE
ES031111946853	300€ + IVE
ES061112099196	310€ + IVE
ES021112099181	300€ + IVE



Raza Frisoa	Prezo
ES081110473623	420€ +IVE
ES091110473588	420€ +IVE
ES041111210360	410€ +IVE
ES091107733913	410€ +IVE
ES021110015005	460€ +IVE
ES081112366590	60€ +IVE
ES081112366647	400€ +IVE
ES071112366646	400€ +IVE
ES041112748132	50€ +IVE

Jorge Anguez Grases Prezo total: 737 € (10 % IVE incluído)

Raza Cachena:	Prezo
ES041112366632	230€ +IVE
ES041112366596	240€ +IVE
ES091112366615	200€ +IVE

Milagros Josefa Otero Díaz Prezo total: 5.247 € (10 % IVE incluído)

Raza Cachena:	Prezo
ES031111004721	370 € + IVE
ES001111058980	350€ +IVE
ES041112099207	300€ +IVE
ES041111946865	300€ +IVE
ES071112099197	300€ +IVE
ES091112099188	300€ +IVE
ES051112099195	300€ +IVE
ES011112178322	320€ +IVE

Raza Frisoa:	Prezo
ES091110473613	400€ +IVE
ES031112366631	400€ +IVE
ES021112366630	400€ +IVE
ES051112178337	400€ +IVE
ES031112178335	420€ +IVE
ES041112366621	60€ +IVE
ES051112366622	60€ +IVE
ES041112366610	60€ +IVE
ES061112366623	30€ +IVE

Ganados Jose 2012 SL Prezo total: 7.579 € (10 % IVE incluído)

Raza Cachena:	Prezo
ES021111004719	350€ +IVE
ES061111058986	350€ +IVE
ES071111004725	350€ +IVE
ES091111004727	350€ +IVE
ES011111058981	350€ + IVE
ES021111058993	350€ +IVE
ES031112099206	300€ +IVE
ES011112099204	300€ +IVE
ES091111946860	300€ +IVE
ES001112099189	300€ +IVE
ES041112099194	300€ +IVE
ES091112178331	320€ +IVE

Raza Frisoa:	Prezo
ES041109353725	420€ +IVE
ES071108758512	400€ +IVE
ES051110473631	450€ + IVE
ES001110015014	430€ +IVE
ES061111210384	410€ +IVE
ES041108134257	400€ +IVE
ES091112366591	60€ +IVE
ES011112366593	400€ +IVE

Formalizar a transmisión das titularidades dos devanditos semoventes previo o seu pagamento.

Declarar deserto a licitación respecto dos seguintes animais:

Crotal/NPU	Sexo	Raza	Nacemento	Prezo de saída
ES091112366637	Macho	Cachena	13/03/19	200,00 €
ES011112366617	Macho	Cachena	14/03/19	200,00 €

Correxir o erro na determinación do sexo seguinte :

Crotal/NPU	Sexo	Sexo	Raza	Nacemento
ES021112366594	Macho	Femia	Frisoa	25/03/19



Anotar a baixa por morte dos seguintes:

Crotal/NPU	Sexo	Raza	Nacemento	Morte
ES001111946850	Macho	Cachena	10/12/17	15/11/19
ES071112366624	Macho	Frisoa	27/06/19	25/10/19
ES051110015008	Vaca	Frisoa	27/10/13	05/11/19

Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN E DO ABOAMENTO DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

“Á vista do Informe do Servizo de Cultura e, en relación co disposto na base 5.3. das bases da convocatoria do “Premio Otero Pedrayo 2019”, aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión do 21 de xuño e publicadas no BOP da Provincia de Lugo, n.º 147, do 28 de xuño de 2019.

Á vista da Acta detallada do Xurado, reunido o pasado 12 de decembro de 2019, ás 17:00 horas no Salón de Xuntas da Deputación de Lugo, debidamente asinada polos seus membros e acompañada de tanta documentación foi presentada no transcurso desta reunión, e onde se reflicte que nesta anualidade 2019, o xurado do Premio Otero Pedrayo 2019 adoptou o seguinte acordo:

“Concederlle o Premio Otero Pedrayo 2019, *ex aequo*, a don Francisco Martín Iglesias e a don Ramón Villares Paz”.

A vista tamén do Informe favorable do Servizo de Intervención desta Deputación sobre a adxudicación do “Premio Otero Pedrayo 2019”, convocado nesta edición pola Deputación de Lugo, a Deputada delegada de Cultura, propón :

1º.- A aprobación se procede- pola Xunta de Goberno da Deputación da adxudicación do Premio Otero Pedrayo 2019 no que (*ex aequo*) resultaron premiados don Francisco Martín Iglesias, e don Ramón Villares Paz, correspondéndolles a cada un dos premiados, 8.000 euros, dun total de dotación para o Premio de dezaseis mil euros (16.000,00 €).

2º.- O aboamento de 8.000 euros a cada un dos premiados –*ex aequo*- nesta convocatoria do Premio Otero Pedrayo 2019:

BENEFICIARIOS	IMPORTE
Don Francisco Martín Iglesias	8.000 euros
Don Ramón Villares Paz	8.000 euros

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación de subvencións, que se relacionan, concedidas por acordo da Xunta de Goberno de esta Excma. Deputación de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades culturais realizadas por entidades culturais, ano 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 111, do día 16 de maio de 2018, e visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura e Turismo onde se indica:

“En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:



Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019. (...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, revolveu, con data 9 de xullo de 2019, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 10 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación de xustificación que sinala a base 11 da convocatoria, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

Con data 18 de xullo de 2018, enviáse notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

Transcorrido o citado prazo de 10 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, revolveu, con data 3 de outubro de 2019, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018,



aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

Con data 8 de outubro de 2019, enviábase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

Transcorrido o citado prazo de 10 días e non sendo atendido o citado tramite de audiencia polas asociacións citadas, informáse:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas ,ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 186 de 14 de agosto de 2018.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
Asoc. Veciñal Campo do Cruceiro de Santa Catalina de Pousada	Viaxe cultural á Mariña Lucense	539,00
Asoc. Irmandade San Caetano	Festa das Letras, Romaría San Caetano, Magosto e Nadal	1.111,00
Asoc. Empresarios do Barrio da Tinería-Itineris	Festa do barrio da Tinería	698,00
Asoc. Magrebi española para la integración y solidaridad (AMEIS)	Proxecto de formación intercultural	539,00
Asoc. Grupo Folclórico Mistura	Festival folklórico	745,00

Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de

transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
Asoc. Veciñal Campo do Cruceiro de Santa Catalina de Pousada	Viaxe cultural á Mariña Lucense	539,00
Asoc. Irmandade San Caetano	Festa das Letras, Romaría San Caetano, Magosto e Nadal	1.111,00
Asoc. Empresarios do Barrio da Tinería-Itineris	Festa do barrio da Tinería	698,00
Asoc. Magrebi española para la integración y solidaridad (AMEIS)	Proxecto de formación intercultural	539,00
Asoc. Grupo Folclórico Mistura	Festival folklórico	745,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE EXTINCIÓN AO DEREITO AO GOCE DA SUBVENCIÓN DO BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018, as listaxes das entidades beneficiarias ca cantidade asignada, entre as cales atópanse:

CÓDIGO	ENTIDADE	SUBVENCIÓN
A-17-28992	NICOLAS LOPEZ PARDO	9.000,00 €
A-17-29786	MARIA MAR BECERRA FERNANDEZ	8.439,84 €
A-17-29794	JOSE ALBERTO BELLO BERGANTIÑOS	4.390,68 €
A-17-29929	ALFONSO LOPEZ GONZALEZ	9.000,00 €
A-17-29932	TRASER S.A. (NON TIVO TRABALLADOR)	9.000,00 €
A-17-30452	MONICA SOUTO CILLERO (NON TIVO TRABALLADOR)	4.283,28 €



Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas nel. Neste anexo atópanse as entidades antes mencionadas cos seguintes resultados na selección:

CÓDIGO	ENTIDADE	TRABALLADOR	SITUACIÓN
A-17-28992	NICOLAS LOPEZ PARDO		NON TIVO CANDIDATOS
A-17-29786	MARIA MAR BECERRA FERNANDEZ	VAZQUEZ CHOUSA JESUS	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 23/05/2018
		NEIRA LOPEZ ANA MARIA	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 30/05/2018
A-17-29794	JOSE ALBERTO BELLO BERGANTIÑOS		NON TIVO CANDIDATOS
A-17-29929	ALFONSO LOPEZ GONZALEZ		NON TIVO CANDIDATOS
A-17-29932	TRASER S.A.		NON TIVO CANDIDATOS
A-17-30452	MONICA SOUTO CILLERO		NON TIVO CANDIDATOS

Considerando que de acordo á Base 6 do Programa Ben empregado IV fase II “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego”. Dende o momento da publicación do Anexo II, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude.

A pesar dea presenza destas entidades nas diversas bolsas de emprego publicadas por esta Sección, unicamente obtiveron candidatos seleccionados publicados no Anexo II, nas datas e cos resultados seguintes:

CÓDIGO	ENTIDADE	DATA PUBLICACIÓN ANEXO II /COMUNICACIÓN	TRABALLADOR	SITUACION
A-17-28992	NICOLAS LOPEZ PARDO	28/06/2018	DIEGO MÁRTINEZ RÁMIL	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 03/07/2018
A-17-29786	MARIA MAR BECERRA FERNANDEZ	13/08/2018	VASILIO MUÑOZ CORNEJO	IMPOSIBLE CONTACTAR
		17/12/2018	TELHOUNI KACIN EL AMINE	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 21/12/2018
		10/05/2019	WILLIAM BARRY	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 16/05/2019
A-17-29794	JOSE ALBERTO BELLO BERGANTIÑOS	31/07/2018	NUÑEZ RIO LARA	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 03/08/2018
A-17-29929	ALFONSO LOPEZ GONZALEZ	15/11/2018	SEIJAS LEGASPI PABLO ANTONIO	RENUNCIA PREVIO CONTRATO CON DATA 07/12/2018
A-17-29932	TRASER S.A.			NON TIVO CANDIDATOS
A-17-30452	MONICA SOUTO CILLERO			NON TIVO CANDIDATOS

Considerando que de acordo a Base 6 da Fase II do Ben Empregado IV, os contratos de traballo deberán realizarse: “(...)

respectando o período máximo de financiación da contratación subvencionable, sempre que non exceda do 31 de agosto de 2019, polo que a partir de 1 de xullo de 2019, deixaranse de publicar ditos postos pola imposibilidade administrativa de que se materialicen ditas contratacións en prazo debido a que os tempos da tramitación administrativa para a asignación dun novo traballador non permitirían sacar novas bolsas con aproveitamento da subvención. (...)”

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Ben Empregado IV propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A perda do dereito o goce da subvención das seguintes entidades:

CÓDIGO	ENTIDADE	SUBVENCIÓN
A-17-28992	NICOLAS LOPEZ PARDO	9.000,00 €
A-17-29786	MARIA MAR BECERRA FERNANDEZ	8.439,84 €
A-17-29794	JOSE ALBERTO BELLO BERGANTINOS	4.390,68 €
A-17-29929	ALFONSO LOPEZ GONZALEZ	9.000,00 €
A-17-29932	TRASER S.A. (NON TIVO TRABALLADOR)	9.000,00 €
A-17-30452	MONICA SOUTO CILLERO (NON TIVO TRABALLADOR)	4.283,28 €

2º.- Proceder ó peche do expediente administrativo das entidades anteriormente mencionadas, dado que ningunha delas obtivo anticipo da subvención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE ENTIDADE DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deputado de Promoción Económica e Social do seguinte teor:



“Considerando que con data 8 de outubro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, Programa Tecendo Emprego, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 239 do 18 de outubro de 2018.

Considerando que con data 21 de decembro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de entidades beneficiarias, excluídos e listaxe de perfís e con data 3 de xaneiro de 2019 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 002 a relación definitiva de entidades beneficiarias.

Tendo en conta que a seguinte entidade beneficiaria renuncia a subvención outorgada:

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCIÓN	D. RENUNCIA
2018/TEM_01/000023	Auxilia Lugo	10.305,14 €	29/11/2019

Dita entidade non formalizou o contrato da traballadora D^a Sonia García Sánchez, por entender que non poderían acadar os obxectivos da subvención. Auxilia Lugo non cobrou anticipo algún.

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Tecendo Emprego propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte entidade:

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCIÓN	D. RENUNCIA
2018/TEM_01/000023	Auxilia Lugo	10.305,14 €	29/11/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PROGRAMA “PRIMEIRA OPORTUNIDADE”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a recuperación económica está a castigar aos mozos, cuxa presenza no mercado laboral leva camiño de reducirse á metade na década transcorrida dende o inicio da crise, a finais de 2007, pese a ser un dos países que ten mais mozos con formación superior que a media europea, e un dos países que conta con menor taxa de inserción laboral.

A cifra de ocupados de entre 16 e 30 anos caeu nese período de 4,9 a 2,5 millóns, segundo revela a media de trimestres da EPA (Enquisa de Poboación Activa) que acaba de publicar o INE (Instituto Nacional de Estadística), que tamén reflicte como nese mesmo período o número de parados desas idades creceu un 45%, de 728.000 a 1,06 millóns.

Tendo en conta que os estudos sobre a mocidade afirman que as dificultades que atopan os mozos para a súa inserción no mercado de traballo son a causa da súa tardía emancipación do fogar paterno, o que da lugar a unha especie de “mocidade prolongada”, cuns importantísimos efectos sobre distintas ordes da vida social, como poden ser o atraso na idade ao matrimonio ou ao comezo da vida en parella, os cambios nas pautas de relación paterno- filiais ou o acusado descenso da natalidade que se converteu nunha das características máis peculiares da sociedade española deste cambio de século.

Sendo isto así, esta etapa configúrase como unha ineludible estación de tránsito entre o final do período de formación, a etapa escolar, e o inicio da súa incorporación á actividade laboral, que inclúe a miúdo unha forma precaria de inserción no mercado de traballo, cando debía de xerar rendemento e produtividade para a sociedade.

Tendo en conta que o problema da despoboación é una realidade no noso territorio, é mais, cada vez se acentúa con consecuencias irreparables , unido ao éxodo continuo de mozos españois, tal e coma reflexan os últimos datos do INE, crescendo ata un 79% dende 2009 ata 2017, os



residentes de menos de 30 anos que viven fora do territorio nacional. Por comunidades autónomas Galicia é a rexión con mais mozos no estranxeiro seguida de Madrid e Cataluña.

Detrás destas cifras, o que en realidade se entrevé, é que aínda que a idea é atopar un emprego e voltar a maior brevidade posible, os mozos ven unha oportunidade que no noso territorio non existe e asentán a súa vida, establecen como o lugar de residencia e forman a súa familia alí onde atopen traballo.

Por todo iso, é prioritario que as administracións públicas, sobre todo as locais poñan os seus esforzos en programas específicos para paliar esta situación de saída dos mozos, e que desenvolvan mecanismos que impulsen unha reversión dos mozos que xa saíron e aínda non estableceron de forma definitiva a súa vida nos novos territorios.

Logo de revisar co Departamento de Recursos Humanos as necesidades de persoal propostas de forma reiterada polos distintos departamentos, así como a valoración por parte do departamento de persoal, de que as titulacións propostas se axustan as funcións e competencias da área que fai as propostas, e que estas podían asumir a súa tutela, aprobouse o 28 de decembro de 2018 o Programa Primeira Oportunidade, coas seguintes titulacións:

ÁREA	TITULACIÓN	Nº POSTOS
CONTRATACIÓN E FOMENTO	LICENCIADO EN DEREITO	1
COMUNICACIÓN E TIC	GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	1
	TÉCNICO SUPERIOR SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS	1
	GRAO EN PERIODISMO	1
	TÍTULO SUPERIOR EN DISEÑO GRÁFICO	1
	GRAO SUPERIOR EN FOTOGRAFÍA	1
	MARKETING E PUBLICIDADE	1
	ORGANIZACIÓN DE EVENTOS, MARKETING E COMUNICACIÓN	1
	TÉCNICO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE	1
MEDIO RURAL	TÉCNICO SUPERIOR DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB	1
	ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	2
	ENXEÑEIRO AGRÓNOMO	1
	ENXEÑEIRO TÉCNICO TOPOGRÁFICO.	1
	TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN FORESTAL E MEDIO NATURAL	1
PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL	TÉCNICO ELECTROMÉCANICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓVILES	1
	GRAO EN HUMANIDADES	2
	GRAO EN EMPRESARIALES	1
	CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	1
	TEC. SUPERIOR EN ASISTENCIA A DIRECCIÓN	2
TOTAL	TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA ASISTENCIA E INFORMACIÓN TURÍSTICA	1
		23

Considerando que o programa está a resultar exitoso para ambas partes, por unha banda ofrécéelles os mozos/as a oportunidade de acadar a experiencia profesional imprescindible para acceder ao mercado laboral, e por outra banda, resólvense necesidades de persoal urxentes e reiteradas manifestadas polos distintos departamentos, producíndose un transvase de experiencia e coñecemento actual na que ambas partes quedan moi reforzadas

Tal e como dispón a lexislación vixente a modalidade de contratación “contrato en prácticas” poderá practicarse po un período mínimo de 6 meses e estenderse ata 2 anos, no caso de continuar a necesidade que levou a ditas contratacións.

Tendo en conta que durante o transcurso do programa fixéronse axustes e movementos de mozos e mozas atendendo as novas necesidades dos departamentos, respectando sempre o compromiso adquirido de titulación e funcións, precisamente para garantir a finalidade do aprendizaxe dentro do contrato de prácticas, quedando do seguinte xeito:

ÁREA	TITULACIÓN	Nº POSTOS
REDE MUSEISTICA	LICENCIADO EN HUMANIDADES, GRADUADO EN CIENCIAS DA CULTURA E DIFUSION CULTURAL	2
NOVAS TECNOLOXIAS	TÉCNICO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN SISTEMAS INFORMATICOS EN REDE	1
	TÉCNICO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN SISTEMAS INFORMATICOS EN REDE	2
	TECNICO SUPERIOR EN SISTEMAS DE TELECOMUNICACIONES E INFORMATICOS	1
COMUNICACIÓN	GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	1
	GRAO EN XORNALISMO	1
	TECNICIO SUPERIOR DE ARTES PLASTICAS E DISEÑO EN FOTOGRAFIA ARTISTICA	1
	TECNICO SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE	2
MEDIO RURAL	TITULO SUPERIOR EN DISEÑO GRÁFICO	1
GRANJA GAYOSO CASTRO	ENXEÑEIRO AGRÓNOMO	1
	ENXEÑEIRO TÉCNICO TOPOGRÁFICO.	1
PROMOCION ECONOMICA	GRAO EN ADE	1
	CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	1
	TEC. SUPERIOR EN ASISTENCIA A DIRECCIÓN	2
	TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA ASISTENCIA E INFORMACIÓN TURÍSTICA	1
MEDIO AMBIENTE	ENXENEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	1
CULTURA E TURISMO	TECNICO SUPERIOR EN GUIA , INFORAMCIÓN E ASISTENCIAS TURISTICAS	1
TOTAL		21

Tendo en conta que o orzamento do programa abarcou dúas anualidades, tal e como se reflicte no cadro, no caso de elevarse ata os prazos máximos de contratación por persistir a necesidade en tódolos servizos e necesario dotar de orzamento o programa para a anualidade 2020.



ANUALIDADE	RETRIBUCIÓN	PARTIDA	SEGURIDADE SOCIAL	PARTIDA	ORZAMENTO
2018	57.769,22€	2410.13100	18.595,46€	2410.16000	76.364,68€
2019	481.972,39€	2410.13100	149.041,63€	2410.16000	631.014,03€
2020	459.476,09€	2410.13100	151.204,05 €	2410.16000	610.680,14 €

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aprobación do gasto para a anualidade 2020, para dar continuidade os mozos e mozas ata o máximo legalmente establecido, 2 anos para cada un deles, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, estando incluído 607.506,21 € no orzamento para o 2020, aprobado inicialmente polo Pleno de 5 de decembro de 2019, para a cantidade restante que ascende a 3.173,93 € deberase adoptarse o compromiso de trámite, se é necesario a correspondente modificación de crédito. Sendo a distribución do gasto o establecido no seguinte cadro:

ANUALIDADE	RETRIBUCIÓN	PARTIDA	SEGURIDADE SOCIAL	PARTIDA	ORZAMENTO
2020	459.476,09 €	2410.13100	151.204,05 €	2410.16000	610.680,14 €
TOTAL	459.476,09 €	2410.13100	151.204,05 €	2410.16000	610.680,14 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046, do sábado 23 de febreiro

de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

Categoría	Entidade	Actividade	Subvención
Organización de eventos	Asoc. Deportiva Cultural SIR Lugo	Trail da Marronda	436

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 340/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 340/2019, interposto polo Letrado da Xunta de Galicia, fronte a resolución desta Presidencia de data 1 de xullo de 2019, pola que se desestimaron os requirimentos de anulación dunha serie de liquidacións tributarias referidas ao IBI de varias anualidades; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.



23.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 384/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 384/2019, interposto por D. Fernando Planas Roca, fronte aos acordos da Xunta de Goberno de datas 9 e 23 de agosto de 2019, relativos á denegación da petición de prolongación no servizo activo e declaración de xubilación forzosa do recorrente; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

24.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 903/2019.

Logo de ver o Decreto remitido polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do Procedemento: PEF Dcho Concilia Vida Persoal, Fam y Laboral 903/2019, seguido a instancia de Dona María Elena Rodríguez Rodríguez, fronte a esta Entidade; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión, no seu caso, do expediente administrativo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

25.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta da Sentenza número 290/2019 de 13 de novembro ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 51/2018-A, seguido a instancia de D. Alfonso Rodríguez Ramos, fronte á esta Entidade por desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación no LU-P-0608 (de Trabada a Barreiros), debido á existencia dunha focha na calzada; e en cuxo fallo di textualmente o seguinte: *“Desestimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Alfonso Ramos Rodríguez frente a la Diputación Provincial de Lugo, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, la cual declaro conforme a Derecho. Sin imposición de costas”*. A Xunta de Goberno queda enterada

Segundo.- Dáse conta do Decreto número 180/2019 de 26 de setembro ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 108/2019-B, seguido a instancia da Entidad Aseguradora ALLIANZ e Dona María Josefa López Iglesias, fronte a esta Entidade por desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación no LU-P-2301 de Guitiriz (N-VI) a Vilares (LU-170), debido á existencia dunha focha na calzada; e en cuxo fallo di textualmente o seguinte: *“Tener por desistido al recurrente Entidad Aseguradora ALLIANZ y María Josefa López Iglesias, declarando la terminación de este procedimiento”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceiro.- Dáse conta do Decreto de 18 de outubro de 2019 ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2 de Lugo, no Procedemento Ordinario 117/2019, seguido a instancia da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., fronte a esta Entidade por desestimación presunta do recurso de reposición interposto en data 14 de xaneiro de 2019, contra acordo da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018; e en cuxo fallo di textualmente o



seguinte: *“Tener por desistido al recurrente Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. declarando la terminación de este procedimiento”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Cuarto.- Dáse conta do Decreto nº 196/2019 de 17 de outubro ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 1 de Lugo, no Procedemento Ordinario 118/2019-P, seguido a instancia da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., fronte á desestimación presunta do recurso de reposición interposto en data 4 de xaneiro de 2019, contra acordo Xunta de Goberno de data 23 de novembro de 2018; e en cuxo fallo di textualmente o seguinte: *“Tener por desistida a la recurrente Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., declarando la terminación de este procedimiento, sin imposición de costas”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Quinto.- Dáse conta do Decreto nº 197/2019 de 17 de outubro ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 1 de Lugo, no Procedemento Ordinario 130/2019-P, seguido a instancia da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., fronte á desestimación presunta do recurso de reposición interposto en data 14 de xaneiro de 2019, contra acordo Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018; e en cuxo fallo di textualmente o seguinte: *“Tener por desistida a la recurrente Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., declarando la terminación de este procedimiento, sin imposición de costas”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

26.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.